

PROPOSTA DE SEMINARIOS DE EMPRENDEMENTO A TODOS OS CENTROS DA UDC:

“SEMINARIO DE FOMENTO DA CULTURA EMPRENDEDORA”

Un seminario de curta duración (3 horas) que ten como obxectivo motivar a potenciais emprendedores/as a través da exposición de casos reais de empresas postas en marcha recentemente promovidas por persoas con perfís similares ós dos propios asistentes aos seminarios.

1- OBXECTIVO

Difundir como se xeran as ideas empresariais e romper os mitos sobre a figura do emprendedor/a, amosando que calquera persoa pode, con gañas e esforzo, converter a súa idea nun proxecto empresarial.

Realizaríase unha sesión por cada escola/facultade da UDC, cun máximo de 25 participantes.

2- DESTINATARIOS/AS

Estudantes de últimos cursos da UDC así como a todo o alumnado que teña inquietudes por crear a súa propia empresa ou que teña unha idea empresarial.

A selección dos participantes poderase facer a criterio do Centro ou ben mediante un proceso de inscrición nun formulario aos efectos no enderezo http://www.udc.es/emprego/formacion/emprendemento/seminario_emprendemento.html

Para calquera aclaración contactar en emprego.vepeu@udc.es

3- CONTIDO E METODOLOXÍA

O contido do Seminario para a Difusión da Cultura Emprendedora segméntase basicamente en tres partes:

- A figura do emprendedor/a
- A idea de negocio
- A posta en marcha
- Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica

Ao longo do seminario realizarase unha dinámica teórico/práctica sobre a metodoloxía de xeración de modelos de negocio (*Canvas*).

4- MEDIOS

Aula con encerado (fixo ou portátil) e ordenador con proxector e conexión a internet.

5- PROGRAMA

O Seminario ten unha duración aproximada de tres horas, estruturadas segundo o seguinte programa:

- Presentación do Seminario e breve descrición dos contidos
- Emprendedor
- A idea
- A Posta en Marcha (taller de elaboración dun plan de empresa co método CANVAS).
- Espazo *Coworking*.

6- HORARIO

10:00 a 13:00 horas (con pausa de 15 minutos)

7. DATA: 28 DE NOVEMBRO DE 2017